

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	2023/2024	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSARIO IGLESIAS GRANJA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Descríbense os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.4 Descríbense as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Descríbense as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Identifícanse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.1 Descríbense as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.3 Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.
CA2.4 Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.5 Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.
CA2.7 Describíronse os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.
CA3.1 Identificáronse os factores do medio que favorecen ou iniben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.
CA3.2 Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.
CA3.4 Identificouse a normativa en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.
CA3.6 Identificáronse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.
CA3.7 Describíronse os recursos do contexto para mellorar a intervención.
CA4.1 Identificáronse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.
CA4.4 Identificáronse as canles de comunicación das incidencias detectadas.
CA4.7 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Comparouse a normativa en materia de atención ás persoas en situación de dependencia nos ámbitos comunitario, estatal, autonómico e local.
CA1.6 Identificáronse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.
CA1.8 Argumentouse a importancia dun equipo interdisciplinar na atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.
CA2.6 Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar os principios de promoción da vida independente e as decisións das persoas usuarias.
CA3.3 Acondicionouse a zona para favorecer a mobilidade e os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, así como o seu uso e a súa utilidade.
CA3.5 Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.
CA3.8 Argumentouse a importancia de informar as persoas en situación de dependencia e as súas familias ou o persoal coidador non formal sobre as actividades programadas, para favorecer a súa participación.
CA4.2 Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.
CA4.3 Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.
CA4.5 Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.
CA4.6 Aplicáronse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.
CA4.8 Valorouse a importancia de respectar a confidencialidade da información.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

- Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal vixente.
- Comparouse a normativa en materia de atención ás persoas en situación de dependencia nos ámbitos comunitario, estatal, autonómico e local.
- Descríbóronse os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Identificáronse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Descríbóronse as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.
- Descríbóronse as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Identificáronse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.
- Identificáronse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás PSD
- Argumentouse a importancia dun equipo interdisciplinar na atención ás persoas en situación de dependencia.
- Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.
- Descríbóronse as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.
- Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.
- Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.
- Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.
- Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.
- Descríbóronse os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.
- Argumentouse a importancia de respectar os principios de promoción da vida independente e as decisións das persoas usuarias.
- Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.
- Identificáronse os factores do medio que favorecen ou inhiben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.
- Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.
- Acondicionouse a zona para favorecer a mobilidade e os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, así como o seu uso e a súa utilidade.
- Identificouse a normativa legal vixente en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.
- Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.
- Identificáronse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.
- Descríbóronse os recursos do contexto para mellorar a intervención.

Argumentouse a importancia de informar as persoas en situación de dependencia e as súas familias ou o persoal coidador non formal sobre as actividades programadas, para favorecer a súa participación.

Xestionase a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.

Identificáronse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.

Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.

Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.

Identificáronse as canles de comunicación das incidencias detectadas.

Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.

Aplicáronse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.

Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.

Valorouse a importancia de respectar a confidencialidade da información.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- As probas son eliminatorias, polo que será necesario obter un 5 como mínimo na primeira para poder realizar a proba práctica.
- Avaliaranse de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha delas para acadar unha avaliación positiva.
- As notas expresaranse sempre en números enteiros, sen decimais, aproximando á unidade máis cercana; isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.
- A cualificación final correspondente da proba de módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.
- No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.
- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

- Terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- A proba consistirá en PREGUNTAS TIPO TEST CON CATRO ALTERNATIVAS DE RESPONSTA e unha única resposta válida y/o preguntas de resposta curta.
- A proba será avaliada de 1 a 10, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para acadar unha avaliación positiva.
- A nota obtida na proba será o resultado da suma das respostas correctas, despois de restar as erróneas e as en branco.

- As respostas deben estar correctamente marcadas no exame (rodeando a letra corresponden á resposta que se considere correcta). Aquelas non marcadas correctamente ou que deixen lugar a dúbidas, contaránse negativamente.

INSTRUCCIÓN XERAIS:

-Sobre a mesa só deberá haber o seu documento de identificación.

-Pódese empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul.

-Non se admitirá o uso de correctores.

-Está prohibido o emprego de móbiles ou dispositivos de información. O seu uso será motivo de expulsión da proba.

-Nunca deben levantarse da cadeira sen avisar previamente ao profesorado coidador.

-Non será posible saír durante os primeiros 30 minutos desde o comezo da proba.

- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel.

4.b) Segunda parte da proba

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios SUPOSTOS PRÁCTICOS que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

-Estes supostos prácticos poderán estar presentados baixo a forma de preguntas tipo test, preguntas curtas e/ou preguntas de desenvolvemento.

- A proba será avaliada de 1 a 10, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para acadar unha avaliación positiva.

- A nota de cada aspirante será expresada en números enteiros, aproximando á unidade máis cercana; isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.

- As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

INSTRUCCIÓN XERAIS:

-Sobre a mesa só deberá haber o seu documento de identificación.

-Pódese empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul.

-Non se admitirá o uso de correctores.

-Está prohibido o emprego de móbiles ou dispositivos de información. O seu uso será motivo de expulsión da proba.

-Nunca deben levantarse da cadeira sen avisar previamente ao profesorado coidador.

-Non será posible saír durante os primeiros 30 minutos desde o comezo da proba.

- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel.